

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

Instruccións: A proba consta de dúas opcións, das que o alumno debe elixir unha. Cada opción componse de seis preguntas teóricas e unha práctica. As preguntas cortas (con valor de 0,75) contéstense brevemente (de 3 a 5 liñas

OPCIÓN 1

- 1.- Define o concepto de “valores mobiliarios” . (0, 75 pts.)
- 2.- Explica o concepto de Capital Social. (0,75 pts.)
- 3.- ¿En qué consiste a división técnica do traballo?. (0,75 pts.)
- 4.- Define o concepto de amortización. (0,75 pts.)
- 5.- O Imposto sobre Sociedades: Concepto, feito imponible e base imponible ¿é un tributo directo ou indirecto?. Razona a resposta. (2 pts.)
- 6.- Explica as principais políticas que engloba o marketing-mix. (2 pts.)
- 7.- Unha empresa que se dedica á fabricación dun determinado elemento, compra a outra certas pezas que incorpora a dito produto. No proceso de fabricación consúmense 54.000 destas pezas por ano (cun valor de 100 pesetas por unidade), e cada pedido destas ten uns custos de 600 pesetas. O custo variable de almacenaxe é de 3 ptas por unidade e ano.

Pídese:

- a) Volume óptimo de pedido. (1 pto.)
- b) Número de pedidos anuais. (1 pto.)
- c) Custo total do stock. (1 pto.)

OPCIÓN 2

1. Efectúa unha clasificación das empresas atendendo á área de actividade na que desenvolven as súas operacións. Pon un exemplo de cada unha das mesmas. (0,75 pts.)
2. Diferencia entre as concepcións que sobre o empresario manteñen Schumpeter e Galbraith. (0,75 pts.)
3. ¿Qué diferencia fundamental existe entre un TRUST e un CÁRTEL?. (0,75 pts.)
4. ¿Qué función fundamental cumpren os detallistas ou minoristas no proceso de distribución dun produto?. (0,75 pts.)
5. Explica as principais vías de financiamento con que contan as empresas, diferenciando entre financiamento interno e externo e financiamento a curto e longo prazo. (2 pts.)
6. ¿Qué se entende por Contas Anuais dunha empresa?. Explica os obxectivos da súa elaboración e a información que se reflexa en cada unha delas. (2 pts.)
7. Dados os seguintes elementos patrimoniais dunha empresa e o seu valor en unidades monetarias: maquinaria (3200), perda do exercicio (5000), caixa (800), equipos para procesos de información (500), reservas (2000), débedas a longo prazo con entidades de crédito (3000), provedores (4000), clientes (6000), débedas a curto prazo (1000), elementos de transporte (1000), existencias (1500)
 - a) Elabora o Balance de Situación agrupando as contas en Masas Patrimoniais. (1 pto.)
 - b) Calcula o importe do Capital. (1 pto.)
 - c) Razona en cal das posicións de equilibrio-desequilibrio patrimonial se atopa a empresa e comenta o seu significado. (1 pto.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

Instruccions: A proba consta de dúas opcións, das que o alumno debe elixir unha. Cada opción componse de seis preguntas teóricas e unha practica. As preguntas cortas (con valor de 0,75) contéstense brevemente (de 3 a 5 liñas)

OPCIÓN 1

- 1.- ¿Pode unha empresa ter capital cero?. Razona a túa resposta. (0,75 pts.)
- 2.- ¿Cal é o fin último dunha concentración vertical de empresas ou trust?. (0,75 pts.)
- 3.- ¿Qué significa que o balance dunha empresa está equilibrado?. (0,75 pts.)
- 4.- ¿Qué se entende por convenio colectivo?. (0,75 pts.)
- 5.- O financiamento empresarial interno e externo: Concepto e diferencias. (2 pts.)
- 6.- O imposto sobre Actividades Económicas. Concepto e feito impositivo. (2 pts.)
- 7.- Unha empresa fabricante de motos necesita reaxustar o seu almacén de pezas (espellos retrovisores), para rentabilizar ó máximo o seu stock. Desexa manter sempre un stock de seguridade de 150 unidades de espellos, e ten programada unha produción de motos de 10.000 unidades. Por outra banda sabe que o custo fixo de pedido é de 20 ptas e o custo variable unitario de mantemento do stock é de 0,9 ptas.

Pídese calcular:

- a) O volume óptimo de pedido ós seus provedores de espellos. (1 pto.)
- b) Cantos pedidos fará ó ano. (1 pto.)
- c) ¿A canto ascende o stock medio de espellos en almacén?. (1 pto.)

OPCIÓN 2

1. Define os conceptos de acción e obrigación (0,75 pts.)
2. ¿,Cal é a diferenza entre os dous tipos de socios que subsisten nas sociedades de carácter comanditario?. (0,75 pts.)
3. ¿Por qué a facilidade de comunicacións é un dos factores que inciden na localización das empresas comerciais? Apoia a túa resposta cun exemplo. (0,75 pts.)
4. ¿Por qué non existen custos fixos de produción a longo prazo?. (0,75 pts.)
5. ¿Qué diferencias existen entre a suspensión de pagos e a quebra empresarial?. Apoia a túa resposta co exemplo dun balance explicativo. (2 pts.)
6. Define o concepto de organización empresarial e explica os principios organizativos máis importantes de toda actividade empresarial. (2 pts.)
7. Unha sociedade que explota un comercio, ten a finais de ano os seguintes elementos no seu patrimonio:
 - Un edificio valorado en 12.000.000 pts.
 - Mobiliario valorado en 120.000 pts.
 - Activo ficticio (gastos de constitución) 27.000 pts.
 - Diñeiro nunha conta bancaria por un importe de 14.000 pts.
 - Débedas a curto prazo cos seus provedores por 35.000 pts.
 - Diñeiro na caixa do comercio por 18.000 pts.
 - Un vehículo para reparto valorado en 1.000.000 pts.
 - Existencias de mercadorías en almacén por 150.000 pts.
 - Débedas dos clientes por 11.000 pts.
 - Un préstamo hipotecario a 5 anos sobre o edificio de 5.000.000 pts.
 - Posúe unhas reservas acumuladas de 305.000 pts.

Pídese:

- a) Calcular o capital da sociedade e elaborar o balance correspondente. (1 pto.)
- b) Sabendo que as ratios de dispoñibilidade e solvencia obtéñense da seguinte maneira:
 - R. dispoñibilidade = $\text{Dispoñible} / \text{pasivo circulante}$,
 - R. solvencia = $\text{Activo circulante} / \text{pasivo circulante}$.Calcula os valores das ratios e comenta o resultado. (1 pto.)
- c) Sabendo que a ratio de garantía obtense a partir da fórmula:
 - R. garantía = $\text{Activo real} / \text{pasivo esixible total}$Calcula o valor da ratio e comenta o resultado. (1 pto.)

CONVOCATORIA DE XUÑO

Criterio válido para ambas opcións: Nas catro preguntas curtas (0,75 ptos.) e nos casos en que non se ofrezan definicións concisas e precisas dos conceptos valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Na valoración das demais preguntas aplícanse os seguintes criterios:

OPCIÓN 1

A puntuación (2 ptos.) máxima correspondente ás preguntas 5 e 6 distribúese do seguinte modo:

- Pregunta 5.- Concepto (0,5), caracterización do feito imponible (0,5), caracterización da base imponible (0,5), caracterización do imposto como directo e xustificación da resposta (0,5)

- Pregunta 6: Otórganse 0,5 ptos. pola explicación de cada unha das políticas ás que o alumno faga referencia.

Pregunta 7: Valorarase positivamente cada un dos apartados se se especifican correctamente as expresións (fórmula) que permiten calcular cada un dos conceptos (volumen óptimo de pedido, número de pedidos anuais, coste total do stock) e se se identifican correctamente os elementos que integran estas expresións. A

aplicación incorrecta das expresións ó caso concreto do exercicio terá unha penalización mínima sobre a puntuación máxima asignada a cada un dos apartados.

OPCIÓN 2

A puntuación (2 ptos.) máxima correspondente ás preguntas 5 e 6 distribúese do seguinte modo:

- Pregunta 5.- Caracterización de financiación externa (0,5), financiación interna (0,5), financiación a curto prazo (0,5), financiación a longo prazo (0,5)

- Pregunta 6.- Correcta caracterización do balance (1 pto), conta de resultados (0,5), memoria (0,5).

Pregunta 7: No primeiro apartado a contabilización incorrecta das «perdidas do exercicio» penalízase con 0,25 ptos. A determinación do Capital social valórase como correcta se se calcula en consonancia ca agrupación en masas patrimoniais efectuada polo alumno no apartado anterior (sempre que non se obteña un valor negativo do capital social). A valoración do terceiro apartado realízase atendendo ó razonamento que o alumno desenrole de acordo cos resultados obtidos polo mesmo nos apartados anteriores.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Criterio válido para ambas opcións: Nas catro preguntas curtas (de 0,75 ptos.) e nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Na valoración das demais preguntas aplícanse os seguintes criterios á hora de desglosar a puntuación máxima que se pode acadar en cada unha delas:

OPCIÓN 1:

Pregunta 5.- Conceptos de financiación interna (0,75 ptos.) e externa (0,75 ptos.). Explicación das diferencias (0,5 ptos.)

Pregunta 6.- Concepto e explicación do IAE (1 pto.). Feito imponible e explicación (1 pto.)

Pregunta 7: Valorarase positivamente cada un dos apartados se se especifican correctamente as expresións (fórmulas) que permiten calcular cada un dos conceptos (volumen óptimo de pedido, pedidos anuais, stock medio) se se identifican correctamente os termos que integran

estas expresións. A aplicación incorrecta das mencionadas fórmulas ó caso concreto do exercicio terá unha penalización mínima sobre a puntuación asignada a cada un dos apartados. Calquera explicación verbal sobre as variables das que se pide determinar o valor será valorada positivamente.

OPCIÓN 2:

- Pregunta 5.- Concepto de suspensión de pagos (0,75 ptos), concepto de quebra (0,75 ptos.), ilustración a través dun balance (0,5 ptos.)

- Pregunta 6.- Concepto de organización empresarial e/ou explicación do mesmo (0,75 ptos.). Por cada un dos principios mencionados (0,5 ptos.)

- Pregunta 7.-

a) Elaboración do balance (0,5 ptos.). Determinación do capital (0,5 ptos.)

b) Cálculo de cada unha das ratios (0,25 ptos.). Comentario de cada ratio (0,25 ptos.). Cálculo da ratio (0,5 ptos.). Comentario (0,5 ptos.)